

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*ORDE do 12 de abril de 2022 pola que se modifica o anexo I da Orde do 9 de febreiro de 2022 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 22 de xuño).*

Mediante a Orde do 9 de febreiro de 2022 (DOG núm. 36, do 22 de febreiro) publicouse a relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* do 22 de xuño).

No anexo I da dita orde figuran, entre a relación de persoal aspirante que supera o procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de ensinanza secundaria nas seguintes quendas e especialidades, as seguintes persoas:

– Carmen Lina Balvís Prieto na especialidade 511101-Administración de Empresas, cunha puntuación de 9,2400 puntos, na orde de prelación nº 10 pola quenda libre.

– María José Soto Lorenzo na especialidade 511110-Organización e Xestión Comercial, cunha puntuación de 8,8150 puntos, na orde de prelación nº 8 pola quenda libre.

– Gloria María Martín Diego, na especialidade 511006-Matemáticas, cunha puntuación de 9,5612 puntos, na orde de prelación nº 59 pola quenda libre.

Como consecuencia da estimación dos recursos de reposición presentados en virtude do establecido no punto sétimo da citada orde, cómpre modificar o seu anexo I no que respecta ás especialidades de acceso destas persoas, e engadir a Francisco Varela Arís na relación de persoas que superaron o procedemento de acceso na especialidade de Matemáticas.

Polo exposto e na súa virtude, esta consellería

**RESOLVE:**

Modificar o anexo I da Orde do 9 de febreiro de 2022 pola que se fai pública a relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos



de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* do 22 de xuño), nos seguintes termos:

Primeiro. Anúlase a seguinte relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario que figuran no seu anexo I.

#### Anulacións

1º apelido	2º apelido	Nome	NIF	Código especialidade	Nome especialidade	Nº de orde	Quenda	Puntuación total
Martín	Diego	Gloria María	***7169**	511006	Matemáticas	59	L	9,5612
Balvís	Prieto	Carmen Lina	***7656**	511101	Administración de Empresas	10	L	9,2400
Soto	Lorenzo	María José	***9446**	511110	Organización e Xestión Comercial	8	L	8,8150

Segundo. Modifícase o anexo I da Orde do 9 de febreiro de 2022, cos cambios seguintes no que atinxe á relación de persoal aspirante que superou o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, ordenado por especialidade e número de orde:

1º apelido	2º apelido	Nome	NIF	Código especialidade	Nome especialidade	Nº de orde	Quenda	Puntuación total
Varela	Arís	Francisco	***0345**	511006	Matemáticas	124	L	8,9050
Martín	Diego	Gloria María	***7169**	511019	Tecnoloxía	66	L	9,5612
Soto	Lorenzo	María José	***9446**	511101	Administración de Empresas	21	L	8,8150
Balvís	Prieto	Carmen Lina	***7656**	511110	Organización e Xestión Comercial	5	L	9,2400

Terceiro. De acordo co disposto no punto sexto da Orde do 9 de febreiro de 2022, as persoas seleccionadas que acceden ao corpo de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas en virtude desta orde serán nomeadas con efectividade do 1 de xaneiro de 2022.

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala



do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2022

Román Rodríguez Fernández  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: r3eiaek8-a579-rtf2-kbe8-1o4plhe7gmn6

